



Para cantar e bailar

Recompilación, transcripción e texto: Luis Prego
Ilustracións: Serxio Cobos



cumio

«Unha parte importante do capital cultural de cada grupo étnico reside no seu patrimonio lúdico, enriquecido polas xeracións sucesivas, mais ameazado tamén por veces de corrupción e extinción.»

«O neno e o xogo». UNESCO, París 1980.

Subvencionado pola



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Primeira edición, abril 2008

Reimpresión, febreiro 2009

© do texto: Luis Prego Fernández

© das ilustracións: Serxio Cobos Martínez

Técnico de gravación e mesturas: Xosé Liz de Cea

Vídeo: mdm vídeos

Maquetación: Natalia Susavila Moares

Revisión lingüística: María Lado

© da edición: Edicións do Cumio, S.A.

Ramalleira, 5 - 36140 VILABOA (Pontevedra)

Tel. 986 679 035

cumio@cumio.com

© Reservados tódolos dereitos.


De conformidade co disposto na lexislación vixente, o contido desta obra está protexido pola lei. Está prohibida a reprodución ou plaxio, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, fixada en calquera tipo de soporte, sen a preceptiva autorización por escrito.

ISBN: 978-84-8289-069-2


Depósito legal: VG 241-2008

Impresión: C/A Gráfica

Impreso en Galicia



Introdución.....	7
O señor da serra.....	10
A xiralda.....	12
Mazarico.....	14
Río verde.....	16
Que baile con quen?.....	18
O rei portugués.....	20
A carrasquiña.....	21
O esparabán.....	22
Danza das fitas.....	24
Muiñeira corrida.....	26
O paniño branco.....	28
O lambonciño.....	30
Don Melitón.....	32
Busca compañía.....	34
O bolero.....	36
O chotis.....	38
Poña aquí o seu pé.....	40
O regadiño.....	42
A vasoira.....	44
A ruliña.....	46
Tris-tras.....	48
Vai de roda en roda.....	50
O pinganiño.....	52
Comentarios.....	55
Fórmulas para apandar.....	67
Agradecementos.....	71



¹ O señor da serra.....	2:12
² A xiralda.....	3:20
³ Mazarico.....	2:17
⁴ Río verde.....	2:18
⁵ Que baile con quen?.....	1:37
⁶ O rei portugués.....	1:37
⁷ A carrasquiña.....	1:45
⁸ O esparabán.....	2:27
⁹ Danza das fitas.....	2:35
¹⁰ Muiñeira corrida.....	1:53
¹¹ O paniño branco.....	1:27
¹² O lambonciño.....	2:18
¹³ Don Melitón.....	2:25
¹⁴ Busca compañía.....	2:20
¹⁵ O bolero.....	1:23
¹⁶ O chotis.....	1:13
¹⁷ Poña aquí o seu pé.....	2:17
¹⁸ O regadiño.....	2:16
¹⁹ A vasoira.....	2:36
²⁰ A ruliña.....	1:42
²¹ Tris-tras.....	2:22
²² Vai de roda en roda.....	1:46
²³ O pinganiño.....	2:13

Melodías con vídeos

INTRODUCCIÓN

A gran cantidade de xogos e divertimentos que tiñan os nosos pais, os nosos avós e demais antepasados conforman unha parte moi importante da nosa cultura oral.

En Galicia, ata mediados do século XX, a xente das vilas reuníase ó rematar as curtas tardes de inverno en casas, palleiras, cortellos ou alpendres feitos a adrede, ca finalidade de pasa-lo mellor posible, e en compañía, as longas horas sen sol nas que xa non se podían facer traballos no campo. Nestas reunións cantábase e bailábase, facíanse traballos coma fiar liño e lá ou bordar, narraban historias velhas e novas –algunhas cantadas coma coplas dun romance– comíase, bebíase e tamén se xogaba. Non se trataba de xogos restrinxidos ós máis cativos que asistían, que eran os menos xa que a meirande parte dos nenos estaría a durmir, senón que eran xogos abertos a tódolos presentes, nos que se participaba cantando e bailando. Polo xeral, eran xogos de escoller parella rapidamente, cos que se buscaba esa complicidade ca persoa desexada ou simplemente pasar un anaco divertido na compañía dos outros. Os xogos non resultaban moi complexos e podíanos bailar tanto grandes coma pequenos, sendo moitos destes xogos os mesmos que empregaban os máis cativos polo día. Ás veces o único requirimento do xogo era saber ben a letra e a melodía, así como saber baila-lo agarrado.

En moitos lugares, como na parroquia de Taboexa (no concello das Neves) estes xogos non se limitaban única e exclusivamente ós seráns. Alí contan que cando había unha festa nunha parroquia veciña

tiñan que desprazarse en grandes grupos tódalas mozas e mozos da vila camiñando xuntos. Para facer máis levadeiros os camiños (por veces camiñaban en noites frías de inverno ata dez ou máis quilómetros) ían cantando *rondas* e outras tonadas. Ó chegar á festa facíano en grupo e permanecían así durante algún tempo. E se non había música entretíñanse xogando en roda, facendo enormes corros. Estes xogos tamén os botaban nos descansos da banda de música ou do grupo musical que houbera no momento.

Ademais dos xogos e bailes agarrados para adultos, tamén existe unha gran cantidade de xogos e cantos para nenos no cancionero popular galego. As cantigas infantís podémolas clasificar en dous tipos: cantigas para nenos e cantigas de nenos. No primeiro grupo entrarían as nanas ou *rorrós* e as cantigas que lle cantan os maiores ós máis cativos para telos entretidos ou ca simple misión de que non choren. Un exemplo de cantigas para nenos son as que nomeando os dedos da man facemos escoller un deles ou nas que sentamos o pequeno nas pernas e simulamos o trote dun cabalo. Os xogos, adiviñas, cancións enumerativas e historias graciosas entrarían no segundo apartado. As cantigas que veñen a continuación son, a meirande parte delas, cantigas de nenos, aínda que teimo en subliñar que son aptas para tódolos públicos. É fermosísimo ve-las xentes maiores das nosas aldeas lembrando estes xogos que formaron parte da súa nenez e da súa xuventude. É inevitable pasar un anaco agradable ó bailar algunha destas rodas, e as experiencias con distintos grupos de diferentes idades así o corroboran. Ca chegada dos medios de comunicación masivos –e por riba de todos a televisión– e despois da incursión na nosa sociedade de computadoras, videoxogos e

demais tipos de divertimentos individuais, resulta difícil atoparnos con *pandillas* de rapaces e rapazas a xogar xuntos. De aí a importancia de recuperar e difundir este material.

Moitos destes xogos que recopilei aprendinos directamente dos nosos maiores facendo traballo de campo co grupo de investigación *Remudar*. Os escenarios das clases foron moi diversos: alboios, escolas antigas, torreiros, casas do pobo etc.

O idioma empregado frecuentemente nos xogos cantados era o castelán ou o *castrapo*, xa que a meirande parte das letras eran aprendidas en escolas, ensinadas por cregos, ou ben recollidas do amplo repertorio do romanceiro popular.

Cando puxen en práctica estes xogos nas escolas de baile tradicional sempre o fixen gardando a versión orixinal, xa que logo, respectando o máis fielmente posible aquilo que nos foi ensinado polos nosos maiores. Esta práctica é a máis empregada polos grupos que se adican á investigación etnográfica do noso folclore tradicional. Asemade son consciente da necesidade dunha normalización lingüística no panorama infantil galego e é por iso que atoparede-las coplas traducidas ou reinterpretadas ó galego (aínda que ás veces a tradución normativa resulta impracticable). Deste xeito poderemos practicalo xogo tal cal nos foi ensinado, ou reinterpretalo para que os pequenos o xoguen no idioma de seu. Por motivos evidentes tratei de eliminar dos xogos os comportamentos sexistas e machistas presentes en moitos dos casos.

A totalidade destes xogos foron experimentados durante varios anos en grupos de baile –tanto nos

períodos de iniciación como en grupos xa experimentados– e tamén en diversas escolas do ciclo primario en Vigo e Ponte Caldelas, abarcando un abano moi amplo de idades. Os resultados obtidos tanto nos grupos de maiores como nos grupos infantís (estes últimos moito máis entregados) foron excelentes. Os participantes non só pasan un bo anaco de lecer que fai máis levadeiras as horas de clase, senón que acadan facilmente e dun xeito natural nocións sobre ritmos e entoación, mellorando polo tanto a súa percepción musical. Hai que subliñar o bo que resultan este tipo de xogos para integrarse na colectividade, aprendendo a gozar do grupo, asumindo o papel de membro dun conxunto ou de protagonista nun momento determinado.

É curioso observa-las diferenzas con que se vive un mesmo xogo en distintas idades. Un xogo de escoller parella no que os cativos buscan ese amigo cómplice de xogos ou a rapaza máis popular da clase, convértese nun xogo de namorar entre os novos, ou nunha broma ou burla entre os maiores. Quizais é por isto que nas vilas atoparon esta fórmula de divertimento para darlle un bico á persoa desexada e botar un baile xuntos sen despertar sospeitas, nun tempo no que «o bailar agharrado érase moito pecado». Teño constatado que a recepción por parte dos nenos máis cativos e polas persoas maiores é practicamente idéntica, chegando a participar ilusionados en tódolos xogos. Mentres que se bate co rexeitamento nas idades intermedias, que senten vergoña e poñen reparos por xogar xuntos ou bailar agarrados, ou demostran abertamente actitudes sexistas. De aí a importancia de fomenta-los xogos colectivos dende pequenos.

Xogos e Danzas

O SEÑOR DA SERRA

Este xogo vén da zona do Condado (sur da provincia de Pontevedra) e pódese bailar de varios xeitos, aínda que conservando sempre o primeiro movemento que intenta imita-lo vaivén dunha serra. O xogo e a letra son moi doados de aprender, polo que pode ser bailado de cinco anos en diante.

Movimentos coreográficos.



Colócanse os participantes en dúas ringleiras, uns en fronte dos outros e collidos polas mans.

Comézanse a move-las filas cara a dereita (polo tanto non se baila en espello) ó tempo que cantan a primeira parte do xogo. Este movemento é un descanso ou paseo de baile tradicional, que consiste en dar tres pasiños cara un lado e tres cara o outro. Comézase botando o pé que marque a dirección: se as filas comezan cara a dereita, comezaremos todos botando o pé dereito.




Cando remata o paseño da serra, facemos un túnel soltándonos da fila e colléndonos das mans d@ compañeir@ que teñamos diante, e imos entrando parella a parella baixo o túnel, continuando ata que os primeiros tornen ó seu lugar.

*O señor da serra ten unha serraña (bis)
pro lindo fillo que é serrador (bis)*

*Para serra-la madeira a serraña (bis)
pro lindo fillo que é serrador (bis)*

O se - ñor da se - rra ten unh - a se - rri - ña o
rri - ña pro lin - do fi - llo qu' é se - rra - dor



A XIRALDA

Este xogo da *Xiralda* xa o teño sentido en moitas vilas dos concellos das Neves e Salvaterra. O xeito de se cantar e o baile varía moi pouco dunha vila a outra, polo que podemos constatar que este é un xogo moi ben definido e que perdurou practicamente inalterado co paso do tempo.

A melodía e os movementos do xogo fannos lembrar as rodas portuguesas.

Movementos coreográficos:



Poñémonos por parellas en dúas rodas concéntricas collidos polos cónodos.

Cando comeza o cantar, seguímo-lo ritmo dando tres pasiños cara un lado e tres cara o outro, mexéndonos ca nosa parella. O paso aseméllase moito ó paso da polca sen saltar.

Sen parar de facer este movemento, cando se canta

imos da-la media volta cruzamos pola dereita ca nosa parella ata quedar os da roda de fóra por dentro e viceversa. Tornamos para o sitio cando cantamos *imos da-la outra media* cruzando de novo pola dereita, completando así unha volta enteira.



Collemos polo brazo a parella e camiñamos levando o ritmo en sentido contrario das agullas do reloxo mentres cantamos *quen está ben déixase estar e eu non podo estar mellor* (bis). Soltámo-los brazos, damos media volta e volvemos agarrarnos para camiñar en sentido contrario mentres cantamos *dunha banda ando sol@ doutra banda meu amor* (bis).





O xogo comeza de novo colléndonos polos cóbados e facendo o pasiño de polca sen saltar. Pero desta vez, despois de da-la media volta, ó da-la outra media os da roda exterior avanza ata a seguinte parella mentres din *paso adelante e troca o par*. E outra vez camiñamos collidos do brazo: media copla en sentido contrario do reloxo e outra media a favor, pero xa ca nova parella. O xogo pódese repetir tantas veces como queiramos, iso si, rematando sempre na frase *quen está ben déixase estar*.

*A xiralda, xiraldiña, ímola xiraldar
imos da-la media volta, media volta imos dar
imos da-la outra media, quen está ben déixase estar
quen está ben déixase estar, eu non podo estar mellor (bis)
dunha banda ando sol@, doutra banda meu amor (bis)*

*A xiralda, xiraldiña, ímola xiraldar (bis)
imos da-la media volta, media volta imos dar
imos da-la outra media, paso adelante e troca o par.
este par non é o meu, este par está trocado (bis)
o meu vestía de azul, este viste de encarnado (bis)*

A xi - ral - da xi - ral - di - ña í - mo - la a xi - ral -

1. da - re a xi da - re i - mos da - la me - dia vol - ta me - dia
2. da - la ou - tra me - dia pa - soa

1. vol - ta i - mos da - re i - mos
2. dian - tee cam - biao pa - re